



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA VEINTICATRO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E TRES .

En Alfoz, no Salón de Sesións da Casa Consistorial , ás catorce horas un minuto do día vinte catro de marzo de dous mil vinte e tres , xúntase a Corporación Municipal en Pleno, en primeira convocatoria, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria remitida ao efecto aprobada por Decreto da Alcaldía de 21 de marzo de 2023.

Presidente:

Don Jorge Val Díaz (PSdeG-PSOE)

Concelleiros asistentes :

Dona Ana Aránzazu Incera Ares (PSdG-PSOE)

Don César Marrube Novo (PsdG- PSOE)

Don Cándido Paleo Rejes (PsdeG-PSOE)

Don Jacobo Geada Adrio (Partido Popular) (Abandona a sesión ás 14,30 horas).

Dona Raquel Rouco Iglesias (Partido Popular)

Dona Efigenia Maseda Paz (VIA ALFOZ).

Don Eliseo Lorenzo García (VIA ALFOZ).

Concelleiros ausentes:

Dona María Luisa Goás Lorenzo (PsdG-PSOE) , xustificando causa .

Secretaria:

D^a María Sofía Sanmartín Novoa.

Os concelleiros asistentes constitúen máis dun tercio do numero de membros da Corporación, co fin de constituirse en sesión plenaria en primeira convocatoria.

Aberta a sesión, pásase a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión conforme a convocatoria remitida , que son:

ORDEDODIA:

PARTE DISPOSITIVA

- 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIONS ANTERIORES.
- 2.- ADHESION SISTEMA ESTATAL DE CONTRATACION CENTRALIZADA.
- 3.- DACION DE CONTA INFORME MOROSIDADE EXERCICIO 2022.
- 4.- DACION DE CONTA LIQUIDACION ORZAMENTO EXERCICIO 2022.





5.-MOCIONS .:

5.1. MOCION GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR : ARRANXO CARRETERA MUNICIPAL ACCESO AO BARRIO DA PENA DO GOLPE NA PARROQUIA DE PEREIRO

5.2. MOCION GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR: ARRANXO CARRETERA MUNICIPAL ACCESO AO BARRIO DE PRESABOA EN ADELÁN .

5.3. MOCION GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR: INVENTARIO CAMIÑOS MUNICIPAIS.

5.4: MOCION GRUPO MUNICIPAL VIA ALFOZ: COMPROBACIÓN E RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS .

5.5: MOCION GRUPO MUNICIPAL VIA ALFOZ: ESTADO DE CONSERVACIÓN DA ESTRADA LU-P-0210 .

6- ASUNTOS DECLARADOS DE URXENCIA. PARTE DE CONTROL DOS ORGANOS DE GOBERNO.

7- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA, DENDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIONS ANTERIORES

Pregunta o Sr. Alcalde se algún concelleiro quere facer algunha intervención . Non se producen.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria , co resultado de oito votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación ás actas correspondentes á sesión ordinaria de data 27 de xaneiro de 2023 e extraordinaria urxente de data 08 de febreiro de 2023.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación , en votación ordinaria co resultado de oito votos a favor, unanimidade e maioría absoluta , ACORDA:

Prestar aprobación á proposta da Alcaldía na súa integridade.

2.- ADHESION SISTEMA ESTATAL DE CONTRATACION CENTRALIZADA.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que se trata de adherirnos a unha nova plataforma de contratación, para a contratación do subministro de gasolina, de propano e outros que poden resultar interesantes. Agora mesmo non poderíamos adherirnos aos contratos xa en vigor, pero si non estamos previamente adheridos non poderíamos acudir a novos procesos.

Non se producen intervencións.

Vista a proposta da Alcaldía incorporada no expediente, que literalmente di:





“ En datas recentes, e logo das tarefas de fiscalización sobre o réxime de control interno realizado polo Tribunal de Cuentas , poñíase de manifesto unha insuficiencia de medios persoais e materiais asociado ao departamento de Secretaria-Intervención, que tamén se repite nos informes de control interno en sí mesmos e nos informes sobre fiscalización de gastos.

Dentro das medidas que se entende poden paliar a carga de traballo do citado servizo está a adhesión aos sistemas de contratación que distintos organismos permiten ás entidades locais, de tal forma que , por unha banda, redúcense significativamente os trámites dos procesos de licitación , e por outra banda, se poden obter prezos competitivos no mercado que optimizan o coste dos servizos ou subministros.

Así, este Concello está adherido á plataforma de contratación da FEMP, tendo en vigor actualmente os contratos de subministro de enerxía eléctrica, de mediación de seguros e de seguros municipais a través da devandita figura.

Se trata agora de dar un paso máis no mesmo sentido ,mediante a solicitude de adhesión ao sistema estatal de contratación centralizada do Ministerio de Facenda e Función Pública.

As ventaxas que se derivarían son:

- Que o sistema de contratación centralizada de acordo co indicado no artigo 229.3 da LCSP está aberta ás Comunidades Autónomas, Entidades Locais e organismos autónomos e entes públicos dependentes.*
- Que a centralización da contratación para todas estas entidades públicas xenera aforros que se derivan do aumento da concorrència como consecuencia das maiores expectativas de venta dos licitadores e das economías de escala surxidas da agregación da demanda. Estos aforros non afectan á calidade da prestación.*
- A redución de trámites e cargas administrativas, ademáis da redución dos prazos de tramitación.*

Os contratos que ten en vigor a plataforma actualmente son:

SDA 26/2021, servicios de desarrollo de sistemas de administración electrónica

AM 17/2016, suministro de vehículos industriales pesados

AM 05/2018, suministro de impresoras, equipos multifuncionales y escáneres.

AM 20/2021, suministro de papel de equipos de impresión, fotocopiadoras, copiadoras y multicopiadoras.

AM 13/2018, suministro de servidores, sistemas de almacenamiento y software de infraestructura.

AM 21/2020, suministro de combustibles en estaciones de servicio.

AM 02/2020, suministro de ordenadores de mesa, ordenadores portátiles, monitores y otras soluciones de puesto de trabajo

AM 50/2020, servicios de compra de espacios en medios de comunicación y demás





soportes publicitarios para la difusión de las campañas de publicidad institucional.

AM 01/2019, suministro de mobiliario de despacho y complementos, de archivo, de bibliotecas, mamparas, clínico y geriátrico y de laboratorio.

AM 18/2021, suministro de vehículos comerciales ligeros.

AM 23/2021, suministro de energía eléctrica.

AM 14/2022, vehículos automóviles de turismo.

AM 08/2021, suministro de elementos y sistemas de seguridad.

A cuestión é que os concellos que se poden adherir ás citadas licitacións figuran expresamente nos pregos de cláusulas, de ahí a conveniencia de que o Concello se adhira para que, en próximas convocatorias, se poida participar.

A Centro de Contratación do Estado réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

O Concello de Alfoz poderá estar interesado en utilizar o Centro de Contratación creado polo Estado, para a celebración dalgúns contratos, tendo en conta a súa complexidade así como a ausencia de persoal técnico na contratación.

Consta informe da Secretaría-intervención no expediente 144/2023.

En consecuencia, tendo en conta o disposto no artigo 228 da citada Lei 9/2017 e sendo de interese para esta Entidade a utilización do Centro de Contratación do Estado, esta alcaldía propón ao Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- A adhesión do Concello de Alfoz á Central de Contratación do Estado, de conformidade co disposto nos artigos 228.3 e 229.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e nos artigos 7 e 8 da Orde EHA/1049/2008, do 10 de abril, sobre a declaración de contratación centralizada de bens e servizos, manifestando expresamente a súa vontade de integrarse no réxime xeral de funcionamento destes últimos.

SEGUNDO.- Presentar a solicitude de adhesión á Subdirección General de Coordinación y Gestión Presupuestaria (Dirección General de Racionalización y Centralización de la Contratación - Ministerio de Hacienda).”

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria, co resultado de oito votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación á proposta da Alcaldía na súa totalidade.

3.- DACION DE CONTA INFORME MOROSIDADE EJERCICIO 2022.

Toma a palabra O Sr. Alcalde para decir que o informe está no expediente e pide á Secretaría que se pronuncie sobre o mesmo. A habilitada nacional toma





palabra para decir que este informe se presenta todos os anos ao Pleno e que conforme ao mesmo a 31 de decembro de 2022 non existían facturas sobre as que houberan transcurrido máis de tres meses sen que se tiveran tramitado o expediente de aprobación das mesmas, e que teñen no expediente tamén o listado de facturas que se corresponden coas que entraron en decembro do ano pasado. Do citado informe xa se deu conta ao Ministerio.

O Pleno dáse por enterado.

4.- DACION DE CONTA LIQUIDACION ORZAMENTO EXERCICIO 2022.

Toma a palabra a Alcaldía para decir que tamén teñen no expediente os datos, e pide á Secretaria- Interventora que o explique. Se indica por ésta o contido do Decreto da Alcaldía de aprobación da liquidación e que o importe da cantidade que se pode adicar a financiar expedientes de modificación de crédito, o remanente de tesorería para gastos xerais non afectados , é de 245.717,30 euros. Xa se ten dado conta ao Ministerio do expediente.

A Sra Maseda, voceira do Grupo Municipal VIA, pregunta polo listado de facturas que aparecen como pendentes de pago a fin de ano. A petición da Alcaldía , a Secretaria- Interventora explica que eso é do punto anterior, e que en todo caso, todas esas facturas están xa aprobadas e pagadas menos unha que ten reparo.

A Sra Maseda pregunta igualmente pola alta cantidade do importe de saldos de dudoso cobro. O Alcalde explica que está pendente de realizarse un expediente de depuración de cerrados, e solicita á Secretaria- Interventora que explique ese parámetro. Se informa aos concelleiros que esa cantidade provén de aplicar as porcentaxes reguladas por lei a aplicar sobre as cantidades pendentes de cobro de exercicios anteriores, e que é necesario un expediente de depuración como se ven informando nos últimos anos, si ben é moi complexo atopar antecedentes que xustifiquen documentalmente algunhas baixas , e que aparecen dereitos pendentes de cobro anteriores á década dos 80 , subvencións que evidentemente non se van percibir,... pero que nese expediente tamén hay que facer unha depuración de gastos pendentes de cobro que non se correspondan, e se recorda o volume de traballo do departamento. Evidentemente cando ese expediente esté aprobado e realizadas as baixas en cerrados, a cantidade dese parámetro será sensiblemente inferior.

O Pleno dase por enterado.

5.-MOCIONS .:

5.1.- MOCION GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR : ARRANXO CARRETERA MUNICIPAL ACCESO AO BARRIO DA PENA DO GOLPE NA PARROQUIA DE PEREIRO.

O sr. Geada Adrio, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular de





Alfoz cede a palabra á sra Rouco Iglesias, concelleira do mesmo grupo, que intervén para decir que fai meses que está cortada e que os veciños teñen que dar unha volta considerable . Instamos a que se arranxe, que se sinalice como é debido e que se inste ás Administracións Públicas competentes.

Resposta o Sr. Alcalde que está ben que se preocupen deste tema agora, que nós o mesmo día da riada xa estivemos alí cos técnicos e cos que fan os proxectos. Entendo que está sinalizada con dous letreiros que aproveitamos de cando foi o da ponte de Guilifonso , e está vallado o que é a fosa, así que non lle vexo problema en canto á sinalización. Está previsto actuar nela e esperouse a que se contratara a obra do Plan Único do ano pasado para arranxalo.

Pregunta a Sra Rouco cando vai a ser eso. Resposta o Alcalde que xa está contratada cunha empresa de Ourense, que teñen pendiente presentar o Plan de Seguridade e Saúde, que empezarán cando estén os trámites listos e espero que cumpran o prazo de execución. Ademáis que o que pasa agora é consecuencia do que se fixo antes, porque xa se amañou dúas veces de forma non axeitada, porque puxeron tubos sen formigón e a auga foi socavando a area, e pasou o mesmo que en Guilifonso. Como lle digo, xa que se vai a actuar na carretera xa se solucionará e os veciños teñen outros accesos correctos, e por iso, non ten razón de ser a moción a estas alturas, polo que a imos rechazar.

Vista a moción que se corresponde co seguinte texto:

“ ARRANXO CARRETERA MUNICIPAL ACCESO AO BARRIO DA PENA DO GOLPE NA PARROQUIA DE PEREIRO

Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781,/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/7997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal do Partido Popular de Alfoz presenta a seguinte MOCION para a súa discusión e aprobación no no Pleno.

Exposición de motivos

Dende fai xa varios meses, atópase cortada a vía municipal que da acceso ao barrio da Pena do Golpe na parroquia de Pereiro, este corte obriga aos veciños a dar un rodeo e non ter un acceso rodado pavimentado as súas vivendas dado que éste é o único existente para o lugar.

O corte, que ven causado pola rotura da canalización das augas procedentes de un cauce que atravesa a estrada, e que non se atopaba nas condicións de mantemento axeitadas, afecta a máis da metade da vía polo que a fai intransitable.

Por parte do concello tan só se procedeu a colocación de una vallas sin outra sinalización, co peligro que conleva para viandantes e vehículos.

Este equipo de gobernó xa nos ten acostumados a espera de un ano en casos similares como o sucedido en Guilifonso na mesma parroquia, algo que nos parece





inacceptable.

Dende o grupo Popular, entendemos que é unha urxencia a reparación do mesmo e que xa debería estar arranxado dada a emerxencia da situación, un pola perigosidade na zona da rotura e dous pola falta de acceso pavimentado para as vivendas de dito Barrio.

Polo que Solicitamos

Que se marque a perigosidade e o corte de tránsito da vía cunha sinalización axeitada, que se declare de emerxencia a reparación da mesma e se proceda de xeito inmediato ao arranxo da mesma con medios propios ou externos conforme ampara a lei”.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co resultado de dous votos a favor (do grupo Municipal do PP), dúas abstencións (do grupo Municipal VIA Alfoz) e catro votos a favor(do Grupo Municipal do PSDG- PSOE) , maioría simple, ACORDA:

NON PRESTAR aprobación á Moción referida.

5.2. MOCION GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR: ARRANXO CARRETERA MUNICIPAL ACCESO AO BARRIO DE PRESABOA EN ADELÁN .

Toma a palabra a concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, a Sra Rouco Iglesias, para decir que se trae a moción porque existe dende hai meses un desprendemento e se pide que se arranxe ese tramo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para decir que vexo na moción un montón de mentiras, como que é un desprendemento grande cando non é tanto , que non chega ao firme . ¿ Deixadez? Tampouco é certo, fouse co técnico e resulta que fai falta unha escolleira. O problema foi que sacaron madeira e o camiión foi por fóra do firme, boutose pedra e non aguantou. Alí ademáis hai un regadío nunha parcela e a auga foi socavando. É mentira que hai despreocupación. Outra é que non hai afectacións, cando está afectado por Augas de Galicia, e ademáis hai que ter en conta ao dono do prado pola inclinación que ten que ter a escolleira, porque si se fai dende o límite do prado ésta se bota enriba da carretera. Se roga que se enteren ben, que analicen as cousas antes e que vaian ao sitio antes de facer esas afirmación,s Aquí está o plano de afeccións. E para amañalo xa saben que fai falta proxecto e os cartos, e hai tres accesos seguros para os veciños.

Insiste a Sra Rouco que habrá que arranxalo.

Contesta o Alcalde que sí, pero que se niega o que din vostedes na moción.

O Sr. Geada Adrio pregunta si hai proxecto técnico.

Di o Alcalde que non, porque para iso primeiro ten que haber consigación orzamentaria e fai falta terreo privado do propietario. As cousas van con tempo, que hai que facer 20 metros de escollera que ocuparía o rpad, o





e logo tramitar as autorizacións na Deputación, Augas, licitar e executar.

Di o Sr. Geada Adrio que haberá que empezar polo primeiro paso.

Intervén a Sra Maseda, Paz, voceira do Grupo VIA Alfoz para indicar que o problema está tamén máis arriba, que hai unha pendente con pouco protección, e debería incluírse dende O Real a Pías.

Responde o Sr Alcalde que esa é de Diputación, non nosa.

Insiste a Sra Maseda que xa que lle vai a pedir autorización á Deputación se pode facer esa.

O Sr. Alcalde di que cada Administración ten que tramitar e facer no seu, que son proxectos distintos, que non funciona así, que dentro do mesmo Concello son obras distintas e tamén distintos trámites.

Indica a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE que se pode solicitar á Deputación.

Pregunta o Sr. Geada Adrio quén ten que pedilo, o particular ou o Concello.

Resposta o Sr. Alcalde que o solicitaría o Concello , que haberá que presentar un escrito dando conta do risco, pero que estamos tratando unha Moción e non outra cousa, que sobre eso haberá que dirixirse á Deputación que hai un risco a ver si o poden arranxar.

Di a Sra Maseda que si existe o risco é obrigación do Concello pedir que se solucione.

Di o Sr. Alcalde que nesta Moción estamos falando doutra cousa, e que vai a ser desestimada porque xa se está traballando e a ver si no orzamento do ano que ven podería ir que hai cousas que ter en conta.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co resultado de catro votos a favor, (do Grupo Municipal do partido Popular e VIA Alfoz) e catro votos en contra (do Grupo Municipal do PsdG-PSOE), se produce empate, que se resolve co voto de calidade da Alcaldía, polo que se ACORDA:

NON PRESTAR aprobación á Moción .

5.3. MOCION GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR: INVENTARIO CAMIÑOS MUNICIPAIS.

Toma a palabra a concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, a Sra Rouco Iglesias, para decir que se presenta esta Moción en relación co que está a pasar en O Pereiro, e penso que é no mesmo sentido que a presentada por VIA Alfoz, e propoñemos por iso tratala de forma conxunta. Parece ser que o Concello incorporou terreos ao Inventario e os veciños non están de acordo, e





pedimos que se revise e se estudie.

A Sra. Maseda Paz, voceira do grupo municipal VIA Alfoz indica non hai problema, e que aplicando á lei hai unha revisión anual do inventario de bens, e unha vez que haia cambio de goberno, para depurar responsabilidades entre entrantes e saíntes, e que cada exercicio se teña claro o patrimonio económico do concello, e que debe estar aberto a súa reforma e que se poida engadior ou desestimar bens que estén erróneos ou que tiveran un cambio na súa calificación, e a maiores pedimos que se poida permitir o acceso a esos datos por calqueira cidadán por transparencia e que se poida acceder á documentación gráfica aos planos sen costes. Ademáis pedimos que se faiga informe para saber so o ben número 48 é realmente de titularidade pública ou privada.

Responde o Sr. Alcalde que o primeiro é dicir que a moción de VIA ten uns argumentos máis sólidos que a do PP, que fala de expolio e naide foi robar nada. O inventario se fixo para defender os dereitos de todos os veciños, e que é unha cousa que se fixo fai cinco anos, e todos os grupos do Pleno estivo de acordo. Se foi expolio estaríamos entón todos imputados, e esos términos sobran. Naquel momento respecto dese camiño non houbo ningunha alegación, e repito que todos os grupos, non só este alcalde, estábamos de acordo, e que se resolveron as alegacións de acordo cos informes técnicos. Se pide unha revisión total e un informe e chegaron tarde, porque a Secretaria xa o fixo fai unhas semanas, e o expediente de revisión xa está aberto. Expolio é para utilización propia e é delito, como o son algúns actos vandálicos contra o mobiliario público, ou que a xente poña na PAC fincas do concello... e tantas cousas. Repito que fai cinco anos todos estivemos de acordo para defender o uso dos camiños por todos, porque o día de mañá deixa de ser do eólico e quedan sin paso.

Di a Sra Maseda que o día de mañá haberá que solucionalo porque é revisable.

Di o Alcalde que sí, pero non se pode cada ano estar cambiando de criterio. O inventario se modifica co cambio de lexislatura e a maiores, vaise incorporando cada cambio, que iso non é nada novo. O da publicación no portal de transparencia tecnoloxicamente non se podía facer polo que xa se ten pedido axuda á Deputación Provincial para que os incorporen na súa páxina, Por tanto, ante as barbaridades que din dende o PP eu respondo que non robei nada nin me levei nada nin foi nin é para uso persoal, foi un acordo de todos os grupos, que houbo un periodo de alegacións e vaise a analizar e seguiremos coa tramitación legal, e que non fai falta que se azuce á xente para que se faiga por coller tres votos, que pérdese a dignidade, que hai que ser máis serios e ter dignidade e palabra.

O Sr. Geada Adrio di que eso para todos.

Di o Alcalde que as mocións non teñen razón de ser e que se está a seguir o procedemento legal que corresponde.





Pregunta a Sra Maseda se non se pode facer preguntas sobre a Moción.

Resposta o Sr Alcalde que as preguntas veñen despois e que si están de acordo en que se traten as mocións de forma conxunta, ao que responde afirmativamente os voceiros de VIA Alfoz e do Partido Popular.

Constan no expediente as seguintes mocions:

MOCION GRUPO PARTIDO POPULAR:

Exposición de motivos

Os veciños do Monte de Santa María do Pereiro, onde se atopa ubicado o parque eólico de Monte Mayor Norte, veñen de coñecer e amosar a súa oposición a incorporación de terreos de dito monte ao inventario de bens públicos que fixo o Concello de Alfoz.

Concretamente no referido ao camiño aberto en dito monte que da acceso ao parque eólico referido, que se atopa incluído coa consideración de Vía Municipal de titularidade pública, co número de orde 48.

Dita inclusión no inventario, non só semella un grave erro en dito documento, senón que xenera danos e perxuícios aos veciños da parroquia do Pereiro, e propietarios das parcelas afectadas, que veñen de amosar o seu rexeitamento a dito expolio municipal, presentando recentemente un escrito, en defensa das súas propiedades, dereitos e lexítimos intereses.

Dada a grave situación, podería ter máis casos de inclusión indebida no inventario municipal que afectan a máis veciños do Concello de Alfoz, podéndose replicar a conflictividade e lesións patrimoniais en outros lugares do Concello, polo que consideramos necesario unha modificación e estudo, en atención a buscar inmediata solución aos feitos referidos, co debate e aprobación dunha MOCIÓN, na que se:

1º INSTA AO CONCELLO DE ALFOZ E AO SEU ALCALDE, A CORREXIR DE FORMA INMEDIATA, PREVIOS OS TRÁMITES LEGAIS OPORTUNOS, O INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DO CONCELLO, DE DATA 01 -01 -2017, COA EXCLUSIÓN DO VIAL MUNICIPAL Nº 48 DE DITO INVENTARIO, POR TRATARSE DUN CAMIÑO DE TITULARIDADE PRIVADA DOS VECIÑOS DO PEREIRO.

2º INSTA AO CONCELLO DE ALFOZ E AO SEU ALCALDE, A REVISAR DE FORMA INMEDIATA TODO O INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DO CONCELLO DE ALFOZ, A FIN DE EVITAR MÁIS ERROS OU DECLARACIÓNS INDEBIDAS EXISTENTES EN DITO DOCUMENTO QUE PODA LESIONAR OS LEXÍTIMOS DEREITOS DOS VECIÑOS.

MOCION DO GRUPO MUNICIPAL VIA ALFOZ:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Segundo o artigo 32 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, estas “teñen a obriga de inventariar os bens e dereitos que integran o seu patrimonio, consignando, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación e as que resulten precisas para reflectir a súa situación





xurídica e o destino ou uso ao que están sendo dedicados”.

No que se refire ás Entidades Locais, o artigo 17 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de Regulamento do patrimonio das Entidades Locais, establece que “as corporacións locais están obrigadas a formar inventario de todos os seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición”.

Segundo o artigo 33.1 do Regulamento do Patrimonio das Entidades Locais “a rectificación do inventario verificarase anualmente, e nel reflectiranse as vicisitudes de toda clase de bens e dereitos durante esa etapa”.

Pola súa parte, o artigo 35 do citado Regulamento establece que “no libro de inventarios e balance refléxanse anualmente os bens, dereitos e accións da entidade local e as súas alteracións, así como a situación do activo e do pasivo, para determinar o verdadeiro patrimonio de cada exercicio económico”.

Polo tanto, deberán reflectirse as adquisicións, compravendas, permutas, servidumes, alteracións da cualificación xurídica dos bens, e calquera outra con repercusión sobre os bens e dereitos obxecto do Inventario, que se produzan durante o exercicio anual.

Respecto ao acceso ao Inventario Municipal, en aplicación do disposto no art. 13.d da Lei 39/15 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, calquera interesado poderá obter copias, certificacións ou información sobre o seu contido, e polo tanto, os veciños do municipio poden ter acceso á base de información do Inventario Municipal, sobre todo ao ter lexitimidade para o exercicio da acción pública en defensa dos bens municipais .

Unha vez aclarado o anterior, desde o Grupo Municipal de Via Alfoz consideramos que, en aplicación do Regulamento do Patrimonio das Entidades Locais, se debe proceder á actualización do Inventario de Camiños Públicos Municipais, no que se reflectan as alteracións, erros ou omisións que requiran subsanación. Así mesmo, consideramos que se debe facer pública non unicamente a listaxe de bens, senón tamén a documentación gráfica do Inventario de Camiños Públicos Municipais.

Desde o Grupo Municipal de Via Alfoz somos coñecedores de que o pasado 20 de febreiro de 2023, co rexistro de entrada número 2023-E-RE-123, foi recibida na sede electrónica do concello unha solicitude para a rectificación do Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Alfoz, excluindo do mesmo a vía municipal co número de orde 48, de acceso ás instalacións do Parque Eólico Montemaioir Norte, na parroquia do Pereiro, e que cruza diferentes fincas privadas.

Visto o escrito presentado e a realidade física dos terreos e o seu uso, o Grupo Municipal de Via Alfoz propón ao Pleno que se tome os seguintes ACORDOS:

1. Solicitar un informe xurídico respecto á solicitude de rectificación do Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Alfoz de 20 de febreiro de 2023, con rexistro de entrada número 2023-E-RE-123, dando audiencia aos interesados e solicitando a documentación necesaria para atender, de ser o caso, a petición de exclusión vía municipal co número de





orde 48, obxecto da solicitude.

2. Realizar unha actualización do Inventario de Camiños Públicos Municipais, no que se reflectan as alteracións, erros ou omisións que requiran subsanación, procedendo á supresión dos camiños inventariados de forma errónea, e incorporar aqueles que, aínda sendo públicos, non forman parte actualmente do inventario.

3. Facer pública, a través do Portal de Transparencia, a documentación gráfica dixitalizada do Inventario de Camiños Públicos Municipais, da que dispón o Concello de Alfoz. “

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co resultado de catro votos a favor, (do Grupo Municipal do partido Popular e VIA Alfoz) e catro votos en contra (do Grupo Municipal do PsdG-PSOE), se produce empate, que se resolve co voto de calidade da Alcaldía, polo que se ACORDA:

NON PRESTAR aprobación ás Mocións .

5.4: MOCION GRUPO MUNICIPAL VIA ALFOZ: COMPROBACIÓN E RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS .

Dise polo Alcalde que se salta por ser tratada conxuntamente coa anterior.

5.5: MOCION GRUPO MUNICIPAL VIA ALFOZ: ESTADO DE CONSERVACIÓN DA ESTRADA LU-P-0210 .

Toma a palabra a Sra Maseda Paz , voceira do Grupo Municipal de VIA Alfoz, para decir que a estrada LU-P-0210 de A Seara a San Acisclo ten un estado deficiente, sobre todo no tramo Allegue San Acisclo e que ao longo do recorrido ten moitas fochancas e que a vexetación acumulada nas beiras chega ata a zona pintada, e pedimos que se arranxe.

Neste momento , sendo ás 14.29 horas o concelleiro Geada Adrio, voceiro do Partido Popular recibe unha chamada e se ausenta da sesión, abandonando o Salón de Plenos.

Continúa a Sra Maseda insiste en que a situación desa carretera é peor si se compara aínda coa zona do Concello de Foz.

Sendo as 14.30 horas o Sr. Geada pide disculpas pero informa de que ten que abandonar a sesión.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para decir que lle agradece que se preocupe agora por esa carretera, pero o problema xa ven de tempo atrás. A obra xa está en fase de licitación, e se non se fixo ese tramo foi por un problema de medicións no proxecto, o que me confirmaron o martes pasado en Lugo, así que a Moción chega a destempo.

O Sr. Lorenzo García quere facer constar que o bache tras da casa de Pablo é tremendo. Indica o Alcalde que aí deixaron unha arqueta no medio da





carretera, houbo unha fuga e agora temos as consecuencias, que xa se bacheou con area e cemento e logo vaise a aglomerar ben en quente, porque cando se fixo en frio durou dous días, e que vaise a amañar correctamente.

O problema está en fase de solución e xa non ten razón de ser a Moción porque está a punto de solventarse.

Consta no expediente moción coa seguinte literalidade:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As vías de comunicación representan un papel decisivo para o desenvolvemento económico do noso concello e a súa cohesión, integración e equilibrio territorial e, dentro destas, a estrada provincial LU-P-0210 xoga un papel importante xa que se trata dunha das principais vías de acceso a Alfoz desde o veciño concello de Foz.

Na actualidade a estrada LU-P-0210 presenta un deficiente estado de conservación, particularmente no entre Allegue e San Acisclo, onde se necesitan de forma urxente obras de mellora do firme que eviten o perigo que supón transitar nas actuais condicións.

Así mesmo, entre A Seara e San Acisclo, os marxes da estrada están cubertos de entullo, existen fochancas e varios puntos e a pintura das liñas e sinalización vial están deterioradas, o que dificulta igualmente o tránsito por esta estrada.

Desde o Grupo Municipal de VIA Alfoz consideramos que esta situación se debe poñer en coñecemento da Deputación Provincial de Lugo, coa intención de que se leven a cabo as obras necesarias de mellora e conservación da estrada LU-P-0210. É por iso, que o Grupo Municipal de VIA Alfoz propón ao Pleno que se tome os seguintes ACORDOS

- Solicitar Deputación Provincial de Lugo realización das correspondentes obras de mellora e conservación necesarias na estrada LU-P-0210, particularmente entre os Allegue e San Acisclo.

- Solicitar Deputación Provincial de Lugo a limpeza dos marxes da estrada LU-P-0210, entre A Seara e San Acisclo, así como a reparación de fochancas e o pintado de liñas e sinalización vial da mesma. “

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co resultado de dous votos a favor, (do Grupo Municipal VIA Alfoz) , unha abstención (do Grupo Municipal do Partido Popular) e catro votos en contra (do Grupo Municipal do PsdG- PSOE), maioría simple, se ACORDA:

NON PRESTAR aprobación á Moción .

6.-ASUNTOS DECLARADOS DE URXENCIA.-

Non se producen.

PARTE DE CONTROL DOS ORGANOS DE GOBERNO

7 - DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA, DENDE





O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.

Indica o sr. Alcalde que os tedes á vosa disposición puntualmente ao día no Gestiona .

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Co permiso do Sra Alcalde, que di que primeiro vamos cos rogos, toma a palabra a Sra Maseda Paz, voceira do grupo Municipal VIA Alfoz para decir que dende VIA queremos sinalar que acaba de decir ao tratar a última Moción, que chega a destempo, como tamén o fixo no Pleno de 27 de xaneiro cando dixo que se ía incorporar o médico e aínda o fixo esta semana. Tamén dixo que estivo a destempo e foi oportunista a moción sobre a carretera de Burela porque vostede dixo que xa se ía solucionar e a día de hoxe aínda non está arranxado e siguen facendo cousas para intentar mellorar o tráfico.... Polo que este grupo **ROGA** que mida os calificativos e as acepcións porque non está ben que nos trate de oportunistas.

Di o Alcalde que pasamos coas preguntas.

- Toma a palabra a Sra. Rouco Iglesias, voceira sustituta do Grupo Municipal do Partido Popular para decir que sabemos que nun proxecto de melloras no entorno do Castelo está previsto un cambio de mesas e preguntamos a qué obedece o cambio porque si é por seguridade se as mesas de pedra non cumpren no Castelo tampouco o farán onde as pretenden ubicar.

A Sra Incera Ares, voceira do Grupo Municipal do PsdG- PSOE , pide a palabra ao Sr. Alcalde como concelleira de Turismo para decir que é unha cuestión máis de incomodidade e de mellorar as cousas. A intención é clara, mellorar o entorno do Castelo, aumentando unha unidade máis e sendo todas de madeira, ademáis de unificar toda a información turística pasando de varios elementos a unificala toda en un, mellorando ese aspecto. De feito, en vez de considerar que as mesas e bancos de pedra que están agora sexan residuos, se decide aproveitalos pasando á escola de Cruz da Pedra e mellorando así ese entorno. Aproveito para decir que nese sentido se están facendo actuacións no Chao, na Arnela...

Neste momento, sendo as 15.37 horas, o Alcalde recibe unha chamada e abandona o Salón de Actos, polo que se suspende a sesión durante un minuto.

Retornado o Presidente, a Sra Incera continúa decindo que a actuación conta con autorización de Patrimonio e que a madeira é un elemento que se integra perfectamente. Ademáis, temos que cumprir cos compromisos asumidos na subvención, e si hai cambio no goberno xa poderedes cambiar as mesas e asumir as consecuencias de perder a subvención, e pediría que non se busquen razóns para aumentar a crispación.





Di o Sr. Lorenzo García que hai que preguntar aos veciños, e que eles non os queren cambiar.

Pregunta o Sr. Alcalde si cando se puxeron os de pedra se preguntou a alguen. E a quen preguntamos, aos que usan os bancos ?

Di a Sra Maseda que porqué lle dan outro destino.

Responde o Sr. Alcalde que non se van tirar, e se levan para alí porque está libre, que non se van a tirar a un vertedoiro e que se entende que para onde van vai menos xente. Ademáis, segundo os veciños falan con ustedes tamén falan con nós, e aínda o outro día un contou que se habia despegado un banco e casi manca a unha persoa.

A Sra Maseda di que entón o que hai que facer é amañalos.

O Sr. Lorenzo di que é mellor amañalos que cambialos para outro sitio.

Do o Alcalde que en catro anos sólo aportan crispación , que eu teño a miña visión e opinión e non por iso teño que seguir aos demais, si se vai montar cizaña na prensa , onde falaron de desmantelamento, e aquí non se desmantela, se cambian, como tamén estamos traballando na dixitalización dos mapas porque non se vai a guiar o turismo por un panel informativo que leva 20 anos. Non se vai a desmantelar nada, que esto pasa como cando foi a Fonte da Grela e agora pregunte aos veciños si está mellor que antes, e co da bandeira, igual.

Di o Sr. Lorenzo que a bandeira a elexiron cinco persoas.

Di o Sr. Alcalde que en catro anos non aportaron nada, descalificar e enfrontamento, e que ese é o caldo que os alimenta, e que se pasa á seguinte pregunta.

- A Sra. Rouco Iglesias, voceira sustituta do Grupo Municipal do Partido Popular pregunta qué pasou cunha licencia de cierre no Concello de Valadouro ¿ Solicitouse ou concedeuse aquí?.

Responde o Sr Alcalde que o que vou decir o pode corroborar a Sra Secretaria. Unha señora fixo unha liquidación dunha delcaración responsable no Concello de Alfoz, e ella mesma detectou que cometera un erro e pediu a devolución dos cartos. Evidentemente non se lle deu licencia, e xa está devolto o ingreso, que fixera dous, un en outubro e outro en febreiro. Esta é outra manipulación e me extraña que lle den pábulo a esos bulos, que son mentira. Aquí non pediu nada, só pagou por erro as taxas, devolveuselle e punto, que todo o que da por certo no periódico é mentira, e claro, outros aumentan e así é como se fan as cousas. Traballamos con seriedade e transparencia mentres estemos aquí, sen alentar propaganda nin enfrontamentos.

- A Sra Maseda Paz, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz, toma a palabra para facer unha pregunta respecto das mesas do Castro: a parte de que teña a





subvención , ¿ porqué é unha mellora estética a madeira e non a pedra?

Resposta a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE porque a madeira se integra ben, vai a ver máis unidades, son máis cómodas e xa sabe que o Castelo ten moitas visitas, moitas veces nenos, e é máis segura para rapaces polos cantos , e porque a madeira é unha solución ben acollida aquí e noutros concellos en entornos similares, sendo un elemento natural e aceptado por Patrimonio.

Di a Sra Maseda si entendían que non coordinaba co entorno a pedra, porque se podería facer arreglos pero non substituílas por madeira nun entorno precisamente de pedra ¿ é necesario que sexa de madeira para cumprir a subvención ? ¿ Non poden ser de outro material?.

Resposta o Alcalde que se presentou un proxecto para a subvención que ten os permisos de Patrimonio, e non se dixo que non estivera de acordo co entorno, senón que as mesas de madeira se integran co patrimonio histórico, e que temos a autorización, e que a madeira é menos fría para sentarse, e habería que coller as de pedra, movelas, pulilas,.. o que costaría máis. Nos dan a subvención e ademáis as aproveitamos, que insisto que non se tiran nin se destrúen. O día de mañán haberá que amañalas para outro sitio, xa se verá, e que na Cruz da Pedra vaise a arreglar a valla que ten máis de 50 anos, o é que o problema está en que vaian para Lagoa?.

Responde a Sra Maseda que evidentemente non.

O Alcalde di que a xente fala como si os bancos foran patrimonio de O Castro; nós tomamos unha decisión , que este proxecto sabían todos que xa se pedira subvención o ano pasado que viñera denegada, e que as cousas ou se fan ou se deixan de facer.

Di a Sra Maseda que este asunto xa se tratou no Pleno e quedou aparcado.

O Alcalde di que o proxecto xa estaba feito dende fai tempo e se podería facer propostas ou suxerencias que non se fixeron, e veñen coa palabra desmantelamento, pois non, estamos solucionando o dos paneis por unha cuestión de feísmo, preguntamos ao técnico e costaba máis amañar as de pedra que unhas novas e valoramos todo eso. ¿ Queren que cambiemos o proxecto para perder a subvención?.

A Sra Maseda di que non se falou de desmantelamento, e que a maiores os veciños non queren o cambio, que non están de acordo coa madeira para alí.

O Sr. Lorenzo di que a maiores a madeira ten un problema de mantemento.

O Alcalde da paso á seguinte pregunta.

- A Sra Maseda Paz, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz, di que referente á Moción do Inventario de Bens, se está aberto o expediente co informe xurídico





basado polo documento da Asociación de comuneiros sen ter celebrado pleno de Asamblea ¿ é válido en dereito para o servizo xurídico? No expediente de declaración de ben público está alí o documento firmado.

Responde a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE para decir que está a confundirse. Que a ruta vai por camiños públicos e logo nas zonas do monte veciñal contouse coa autorización para poder pasar, que non ten que ver co inventario de camiños.

Responde a Sra Maseda, que ten razón, que saltou dun tema a outro, e pregunta si é legal en dereito que se autorice o paso sen acordo de Asamblea.

Responde o Sr. Alcalde que vaiselle o subconsciente; a ruta ten as autorizacións e que tamén hai 20 metros na comunidade de montes Labrada. Aquí viñeron as presidentas, se lles explicou o que íamos facer, e ambas sinaron. Na Xunta cando analizaron as autorizacións viñeron dar o visto bon, a estas e outras autorizacións, porque houbo cambios que a Deputación non deu permiso inicialmente e houbo que buscar alternativas. Todo está conforme á lei, pero aquí é como donde dije digo digo Diego , e esa é a dignidade. O documento foi válido para a subvención, e a ruta vai na maioría por camiños públicos, e cando non pediuse permiso, e a Xunta autorizou a ruta.

Pregunta a Sra Maseda que porqué se modificou o trazado.

Resposta o Sr. Alcalde que acábollo de decir.

- A Sra Maseda, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz, di que acaba de referirse ao inventario de camiños e que se tiñan feito cambios, e que se incorporaran outros...¿ pasaron esos cambios polo Pleno?.

Di o Alcalde que uns pasaron e outros como por exemplo cambios na planimetría de concentración xa se traerán ao Pleno antes de final de legislatura.

- A Sra Maseda, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz, di que respecto á captación da auga de Adelán ¿ rematouse?

Resposta o Alcalde que aínda non.

A Sra Maseda pregunta si cando se fan as analíticas da auga se publican en algún lugar.

Responde o Sr Alcalde que no SINAC, que hai unha parte pública e outra privada, e que cando mandan as analíticas as pode comprobar porque entran por Rexistro, así que como ten acceso pode enterarse vostede.

Di a Sra Maseda que o comprobará con efecto retroactivo.

- A Sra Maseda, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz, pregunta si existe algún





convenio coa protectora de animais.

Pide a la palabra a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal PsdG-PSOE para decir que temos acordo con Garatuxa, unha protectora de animais de Outeiro de Rei para atender a necesidades cando foi do accidente da protectora de aquí, que non estaba en funcionamento ata fai pouco, pero é un tema de contratos e non é legal por convenio, así que estamos pendentes de concretar contrato ou subvención coa protectora de aquí, que ata hai pouco non podía prestar o servizo.

- A Sra Maseda , voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz, pregunta pola situación do bar.

O Alcalde responde que está en fase licitación.

- A Sra Maseda , voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz, di que no último pleno tratouse a situación do Cascadrado. ¿ Aperturouse ao uso?.

Responde o Alcalde que de momento, non.

- A Sra Maseda, , voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz, di que no último pleno tratouse a reincorporación dos aparatos ximnásticos do parque ¿ Algúen supervisou a colocación e a restauración?.

Resposta o Sr. Alcalde que pintaronse na escola – obradoiro. Xa vin imáxenes nas redes sociais que padecer que por un pouco de óxido imos morrer medio Alfoz, e se non ten máis que criticar politicamente para criticar ieso, deixoume satisfeito si ese é o maior problema do pobo. Os traballos foron supervisados polo técnico do obradoiro e si está ou non ben pintado o tempo o dirá, e esta pregunta di moito do que fan.

Di a Sra Maseda que nos di que nós en catro anos como oposición sabemos que non se fixo moito, que non sei o que faría vostede cando estaba na oposición.

Di o Sr. Lorenzo que está todo como está, abandonado.

E non habendo mais asuntos que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, sendo as quince minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coa firma do Alcalde e da Secretaria que da fe.

O ALCALDE.
Vº e Prace. _

A SECRETARIA

